

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE  
RIBEIRA O DÍA 23 DE DECEMBRO DO 2021.**

**ASISTENTES:**

<p align="center"><b>Presidente:</b> RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p> <p align="center"><b>Membros que asisten:</b></p> <p>SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p align="center"><b>Interventor acctal.:</b> GONZALEZ MARIÑO JORGE</p> <p align="center"><b>Secretario Xeral:</b> SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center"><b>Membros que non asisten:</b></p> <p>-----</p>
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Vinte e tres de Decembro do Dous mil vinte e un, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 16/12/2021

**2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202112/289**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 20/12/2021 "Decreto: ADXUDICACIÓN DO LOTE 3-PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO CONTRATO DENOMINADO "SERVIZO DE EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO QUE DESENVOLVE O NOVO POLÍGONO INDUSTRIAL DE RIBEIRA""



### 3.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

#### COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 14.12.2021:

- 21427 30.11.2021 MARIANA NOVO GÓMEZ, reforma y mejora de condiciones hixiénico sanitarias, accesibilidade y eficiencia energética en vivanda unifamiliar situada en Lomba, 34, Palmeira.
- 20798 19.11.2021 ENSEDUCA S.A.L., realización de muretes en parte superior de pista deportiva para instalación de gradas, en rúa 1, Cubeliño, 79.
- 20845 22.11.2021 MANUEL GONZÁLEZ VILA, ampliación de cierre, en Lixó, Oleiros.
- 20860 22.11.2021 VIRGINIA SANTAMARIA CRUJEIRAS, construción de piscina, en Vixán, 73-B, Carreira.
- 20874 22.11.2021 ASESORIA BENY GARCÍA, S.L., renovación de techumbre, en rúa Miguel Rodríguez Bautista, 32, Ribeira.

#### COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 16.12.2021:

- 30932 23.11.2021 ANA ISABEL CHICO ROMAY, cambio de tejado de alpende, en rúa Atalaia, 41, Corrubedo.
- 20939 23.11.2021 MARIA VIDAL LUSTRES, pintar fachadas, en rúa Pombal, 19, Ribeira.
- 20977 23.11.2021 COMUNIDAD PROPIETARIOS EDIF. PROMIVENTA BLO 4, reparación de cubierte en Plaza Uxío Novoneyra, 3, Ribeira.

#### COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 17.12.2021:

- 22454 16.12.2021 SOLAR PROFIT ENERGY SERVICES, S.L., instalación de placas solares fotovoltaicas para autoconsumo, en rúa Fontesecca, núm. 12, Castiñeiras.

### 4.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA. LOCALIZACIÓN: LUGAR DE GÁNDARA, ARTES, RIBEIRA. PROMOTOR: ALEJANDRO FRANCISCO DA ROCHA. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: 96.500,00€

**VISTA** a solicitude de licencia urbanística presentada por **D. Alejandro Francisco da Rocha** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA no lugar de Gándara, Artes, Ribeira**, en parcela con refª catastral nº 15074A840006370000ZY, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 12 de marzo de 2021 redactado polo Sr. Miguel A. Abad Blanco (Col. nº 1.877).

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto técnico e tarefas de asesoramento desta Corporación municipal de data 10 de outubro de 2021, da Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira de data 21 de outubro de 2021 do técnico de administración xeral de data 16 de decembro de 2021 e do secretario xeral da Corporación de data 17 de novembro de 2021, **considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,**



A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER a D. Alejandro Francisco da Rocha** licenza urbanística (**Nº 37/21**) para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** no lugar de Gándara, Artes, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A840006370000ZY, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 12 de marzo de 2021 redactado polo Sr. Miguel A. Abad Blanco (Col. nº 1.877):

- *Deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal unha **fianza de 147,02 €** en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde***

**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos*



*Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños,..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías,



foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

## 5.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA - JOSÉ MANUEL SILVA VIGO.

*FEITOS IMPUTADOS: Existencia de canceira sen o preceptivo título habilitante municipal xa que constitúe un uso prohibido no PXOM de Ribeira na finca na que se atopa, ocasionando os cans aloxados rúidos que supera amplamente os límites establecidos no Real Decreto 136/2007 do 19 de outubro.*

*CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.1 Residencial Extensiva Unifamiliar Agrupada.*

*REFª CATASTRAL: 9198926MH9099N0001FM.*

*SITUACIÓN: Rúa Montevixán Carreira, Ribeira.*

*INTERESADO/A - PRESUNTO/A RESPONSABLE DENUNCIADO/A: Sr. José Manuel Silva Vigo.*

*INTERESADO/A - DENUNCIANTE: Sr. Miguel Souto Rego.*

*INSTRUCTOR/A: Funcionario, Sr. José Martínez de Llano Orosa.*

*ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN: A Xunta de Goberno Local de conformidade co Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2019.*

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

### ANTECEDENTES DE FEITO



1º.- Vista a denuncia no exercicio da acción pública ao abeiro do artigo 62 do real decreto legislativo 7/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana, presentada polo Sr. Miguel Souto Rego (DNI 52.457.011-Z), rexistrada de entrada o día 10 de xuño de 2019, (Rexistro de entrada nº 8.128), mediante o que presenta denuncia urbanística co seguinte tenor literal:

“  
(...)

*Que dende principios do 2018 ata a actualidade non se pode descnsar na vivenda na que resido posto que cada noite e de maneira reiterada se xeneran uns rúidos que proceden dos ladridos dos numerosos cans que se atopan nunha perreira situada a escasos metros da miña vivenda.*

*Solicito que se adopten a mediamas pertinentes para dar solución ao problema exposto.*

(...)  
“

2º.- Visto a denuncia presentada presentada polo Sr. Miguel Souto Rego (DNI 52.457.011-Z), rexistrada de entrada o día 21 de xaneiro de 2020, (Rexistro de entrada nº 854), mediante o que presenta denuncia urbanística co seguinte tenor literal:

“  
(...)

*Que posto que levamos varios meses con un problema de ruidos ocasionado polos ladridos de varios cans que se atopan nunha perrera situada a escasos metros da vivenda na que resido ca miña familia.*

*Solicito que se realice un control de ruidos por una empresa especializada en horario nocturno e aser posible na franxa horaria de 05.00 h a 07.00 ca posibilidade de repetir a mesma en dous días diferentes.*

(...)  
“

3º.- Visto o requerimento efectuado polo departamento de medio ambiente Sr. Ignacio Luis Fernández Veiga, o día 10 de setembro de 2019, (rexistrado de saída do Concello de Ribeira co nº 4.576), notificado ao Sr. José Manuel Silva Vigo, (DNI 33.206.596-R) o día 27 de setembro de 2019 por mor das queixas reiteradas por rúidos producidos por cans aloxados nunha finca urbana da rúa Montevixán en Carreira, Ribeira.

En cumprimento do disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, na notificación do requerimento se iniciou un período de información ou actuacións previas co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto, en dito período o Sr. José Manuel Silva Vigo non presentou alegación algunha.

4º.- Visto o informe emitido pola policía local de Ribeira asinado polos policía locais 239019 e 239024 o día 13 de xaneiro de 2020.

5º.- Visto o informe emitido pola policía local de Ribeira asinado polos policía locais 239026 e 239024 o día 19 de xaneiro de 2020.





6º.- Visto o informe de medición acústica emitido pola entidade Virocem S.L. de día 17 de xullo de 2020, no que conclúe que os niveis de ruído rexistrados nos dormitorios da planta baixa e da primeira, da vivenda nº 64 den Montevixán, Carreira superan os límites máximos establecidos no Real Decreto 1367/2007 do 19 de outubro.

7º.- Visto o informe emitido polo técnico municipal de medio ambiente Sr. Ignacio Luis Fernández Veiga o día 27 de outubro de 2020 co seguinte tenor literal:

“  
(...)

#### INFORME DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE

EXPEDIENTE: 2020TMA-000037

ASUNTO: QUEIXA PRESENTADA POR MIGUEL SOUTO REGO RELATIVA A MOLESTIAS POR RUÍDOS PROCEDENTES DUNHA CANCEIRA

#### ANTECEDENTES

*Escrito presentado por Miguel Souto Rego, de data 10 de xuño de 2019 (entrada núm. 8.128), mediante o que expón: “Que dende principios do 2018 ata a actualidade non se pode descansar na vivenda na que resido (endereço) posto que cada noite e de maneira reiterada se xeneran uns ruídos que proceden dos ladridos dos numerosos cans que se atopan nunha perreira situada a escasos metros da miña vivenda.” E solicita: “Que se adopten as medidas pertinentes para dar solución ao problema exposto”.*

*Escrito remitido polo Concello de Ribeira a José Manuel Silva Vigo (33206596R), titular da finca onde se localiza a canceira (referencia catastral 9198926MH9099N0001FM), de data 17 de setembro de 2019 (escrito con data do 18 de setembro de 2019, saída núm. 4.576), mediante o que se lle solicita a achega de documentación acreditativa da identificación dos animais localizados na finca referida no parágrafo primeiro, e de estar dado de alta no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía; e, no caso de tenza ou posesión de máis de cinco animais, maiores de tres meses, pertencentes á especie canina, copia da comunicación previa efectuada ante a consellería competente en materia de protección animal. Para o que se lle da un prazo de presentación de quince (15) días. Asemade, en relación co problema dos ruídos, se lle outorga un prazo de quince (15) días para efectuar alegacións/observacións ao contido da queixa recibida e, de ser o caso, achegar memoria explicativa sobre as medidas correctoras adoptadas e/ou previstas para corrixir a situación de molestias descrita. A notificación deste requirimento foi practicada en data 27 de setembro de 2019. No expediente non consta resposta formal ao requirimento.*

*Escrito presentado por Miguel Souto Rego, de data 21 de xaneiro de 2020 (entrada núm. 854), mediante o que expón: “Que posto que levamos varios meses con un problema de ruídos ocasionado polos ladridos de varios cans que se atopan nunha perrera situada a escasos metros da vivenda na que resido ca miña familia.” E solicita: “Que se realice un control de ruídos por unha empresa especializada en horario nocturno e a ser posible na franxa horaria de 05:00 h a 07:00 h ca posibilidade de repetir a mesma en dous días diferentes.”*

*O Concello acordou contratar a unha empresa especializada en control de ruídos para efectuar as comprobacións necesarias con respecto á queixa formulada polo Sr. Souto Rego.*



Informe de inspección acústica emitido pola entidade especializada Virocem, S.L., de data 17 de xullo de 2020, referido aos resultados das medicións efectuadas entre as 23:00 e as 00:00 horas do día 15 de xullo de 2020, para determinar o nivel de ruído transmitido á vivenda sita na rúa Cruceiro núm. 64, Montevixán, Carreira, debido ao ruído xerado polos cans localizados nunha canceira situada nunha finca anexa á vivenda indicada.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído
- Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental
- Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas
- Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia

#### INFORME DE MEDICIÓN ACÚSTICA

O informe de medición acústica emitido pola entidade Virocem, S.L., de data 17 de xullo de 2020, conclúe que os niveis de ruído rexistrados nos dormitorios da planta baixa e da primeira, da vivenda núm. 64 da rúa Cruceiro, Montevixán, Carreira, superan os límites máximos establecidos no Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Estabelece o punto 3 do artigo 28 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, ao referirse ás infraccións graves, o seguinte: “3. Son infraccións graves as seguintes:

a) A superación dos valores límite que sexan aplicables, cando non se producise un dano ou deterioro grave para o medio ambiente nin se puxese en perigo grave a seguridade ou a saúde das persoas. (...)”

Estabelece o apartado b) do artigo 29 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, ao referirse ás sancións, o seguinte: “b) No caso de infraccións graves:

1.º Multas desde 601 euros ata 12.000 euros.

2.º Suspensión da vixencia da autorización ambiental integrada, a autorización ou aprobación do proxecto sometido a avaliación de impacto ambiental, a licenza de actividades clasificadas ou outras figuras de intervención administrativa nas que se establecesen condicións relativas á contaminación acústica, por un período de tempo comprendido entre un mes e un día e un ano. 3.º Clausura temporal, total ou parcial, das instalacións por un período máximo de dous anos.”

Estabelece o artigo 31 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, ao referirse ás medidas provisionais, o seguinte: “Unha vez iniciado o procedemento sancionador, o órgano competente para impoñer a sanción poderá adoptar algunha ou algunhas das seguintes medidas provisionais: a) Precintado de aparatos, equipos o vehículos. b) Clausura temporal, parcial o total, das instalacións ou do establecemento. c) Suspensión temporal da autorización ambiental integrada, a autorización ou aprobación do proxecto sometido a avaliación de impacto ambiental, a licenza de actividades clasificadas ou outras figuras de intervención administrativa nas que se establecesen condicións relativas á contaminación acústica. d) Medidas de corrección, seguridade ou control que impidan a continuidade na produción do risco ou do dano.”



#### FIRMANTE - FECHA





Ribeira, á data da firma electrónica

O Técnico Municipal de Medio Ambiente,  
Ignacio Luis Fernández Veiga

(...)  
“

8º.- Visto como consecuencia do anterior, por Decreto de Alcaldía de data 2 de marzo de 2021, acordábase o precinto e suspensión da actividade de canceira coa retirada inmediata dos animais e incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística e ordenábase a súa instrucción de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no artigo 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e no artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, co seguinte tenor literal:

“  
(...)

*Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística motivado pola existencia dunha canceira propiedade do Sr. José Manuel Silva Vigo, (DNI 33.206.596-R), sen título habilitante municipal, en parcela con refª catastral nº 9198926MH9099N0001FM sita no lugar de Montevixán, Carreira, parroquia deste termo municipal, en solo urbano consolidado, constituíndo unha actividade continuada prohibida, ilegal e ilegalizabel.*

*Declarar que tal e como está acreditado no expediente, dita actividade de canceira está incumprindo de modo continuado e reiterado a normativa en vigor en materia de protección contra a contaminación acústica, superando os límites máximos establecidos a tal efecto, polo que procede ordenar a suspensión e precinto inmediato da cancela co decomiso e retirada dos cans que alí se atopan.*

(...)  
“

9º.- Visto en cumprimento do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, na notificación do Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade practicada ao Sr. José Manuel Silva Vigo na data 4 de marzo de 2021 e ao Sr. Miguel Souto Rego na data 4 de marzo de 2021, emprazouse aos interesados para o trámite de audiencia.

Dita resolución notificouse ao inspector xefe accidental da policía local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga na data 4 de marzo de 2021 para que teña coñecemento do decreto de orde de suspensión da actividade e que realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, para de ser o caso tomar as medidas necesarias para restaurar a legalidade urbanística e garantir o cumprimento da normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

10º.- Visto o informe emitido na data 15 de marzo de 2021 polo inspector xefe accidental da policía local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga co seguinte tenor literal:



“  
(...)

*Co presente escrito dase conta da vixianza policial requerida por medio da orde acordada pola Xunta de Goberno Local e decretada polo Alcalde na da de 2 de marzo de 2021.*

*Ao respecto, coas visitas policiais efectuadas ás 11.30 h. do día 10 de marzo de 2021, comprobouse que na parcela reseñada no encabezamento non hai can algún.*

*Polo tanto, cabe entender que o responsable está a cumprir coa mencionada orde de suspensión da actividade de canceira.*

(...)  
“

11º.- Visto o informe emitido polo técnico municipal de medio ambiente Sr. Ignacio Luis Fernández Veiga o día 3 de maio de 2021.

### FEITOS PROBADOS

**PRIMEIRO.-** O departamento de urbanismo do Concello de Ribeira levou a cabo actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso segundo o artigo 378 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG), e da investigación realizada resultan como probados os seguintes feitos:

Primeiro.- A parcela na que se sitúa a cancela propiedade do Sr. José Manuel Silva Vigo, (DNI 33.206.596-R), clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como solo urbano consolidado, ordenanza 6.1 residencial extensiva unifamiliar agrupada, regulada no artigo 155 do PXOM do seguinte modo:

#### 1. Definición e ámbito

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano consolidadas de orixe agrícola ou mariñeiro, caracterizándose por unhas alineacións non xeométricas, apiñadas, desordenadas cunha tendencia á compactación de manzanas e o mantemento da hortaxardín nas parcelas maiores.

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos de xardinería existentes.

#### 1.1. Obras admisibles

Serán las obras preferentes las de:

Conservación

Consolidación

Rehabilitación

Restauración

Permitíndose as de reforma e ampliación e as de obra novas.

Os proxectos realizados nos solares nos que exista unha edificación antiga manteranse os cerramentos de pedra existentes, ocos de pedra e balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

#### 1.2. Usos globais

Uso global: residencial extensivo

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar



#### FIRMANTE - FECHA



Usos admisibles: Sólo admitiranse ademais do uso característico os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal, nos seus niveles domésticos, como os restaurantes, hostales, oficinas, comercios e talleres relacionados coas actividades residenciais, pesqueras e agrícolas.

Tamén será admisible o uso dotacional na medida que poda equipar ao barrio dun servicio deficitario e respete os umbrais domésticos de compatibilidade.

Segundo.- De conformidade co anterior e co disposto no artigo 155 do PXOM de Ribeira na ordenanza 6.1 no que se refire ao apartado 1.2 usos admisibles, non se admite como tal o uso de canceira, polo que a canceira sita na parcela con refª catastral nº 9198926MH9099N0001FM constitúe un uso prohibido, ilegal e ilegalizabel segundo o PXOM de Ribeira.

Terceiro.- A maior abundamento e como constaba acreditado nos informes emitidos os día 13 e 19 de xaneiro de 2020 policía local de Ribeira tras xirar visita de inspección a canceira que nos ocupa pola, así como no informe de medición acústica emitido pola entidade Virocem S.L. de día 17 de xullo de 2020, e no informe emitido polo técnico municipal de medio ambiente Sr. Ignacio Luis Fernández Veiga o día 27 de outubro de 2020, os niveis de ruído rexistrados nos dormitorios da planta baixa e da primeira, da vivenda nº 64 den Montevixán, Carreira, lindante ca parcela con refª catastral nº 9198926MH9099N0001FM na que se sitúa a canceira, superan os límites máximos establecidos no Real Decreto 1367/2007 do 19 de outubro polo que estamos ante una infracción continuada grave o moi grave.

Cuarto.- O Sr. José Manuel Silva Vigo unha vez notificado o Decreto de Alcaldía de data 2 de marzo de 2021, polo que se acordaba o precinto e suspensión da actividade de canceira coa retirada inmediata dos animais e incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística, levou a cabo o cumprimento íntegro do mesmo coa retirada dos animais xa que como sinala o inspector xefe accidental da policía local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga, na parcela reseñada no encabezamento non hai can algún, polo tanto, cabe entender que o responsable está a cumprir coa mencionada orde de suspensión da actividade de canceira.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** Establece o artigo 152.1 da LSG que cando se estea realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante exixible en cada caso ou sen axustar ás condicións sinaladas nela, a persoa titular da alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándolo ao interesado.

2.- Corresponde ao Sr. Alcalde de Ribeira co acordo de suspensión adoptar as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade, tales como o precintado, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de suministros ou execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables ata conseguir o cumprimento da orde de de cesación da actividade, e calquera outra medida que sea conveniente en pro da efectividade da suspensión.

3.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptaranse algún dos seguintes acordos:

a) Si os usos no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a cesación definitiva dos mesmos.

4.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística



poderán adoptarse as medidas que se estimen precisas para garantir a executividade da resolución, sin perxuício da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

5.- O procedemento ao que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación.

6.- No caso de incumprimento da orde de cesación de usos, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 € cada unha.

Polo anteriormente exposto dos antecedentes obrantes no expediente, visto que o Sr. José Manuel Silva Vigo levou a cabo o cumprimento íntegro do Decreto de Alcaldía de data 2 de marzo de 2021, polo que se acordaba o precinto e suspensión da actividade de canceira coa retirada inmediata dos animais e incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística, xa que procedeu no seu día á retirada dos animais, visto o artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 15/12/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

